

PROTOCOLO COVID

- **No referente ás normas COVID, de obrigado cumprimento:**

Uso continuo de mascarilla no autocar e outros medios de transporte, restaurantes, espazos comúns de hoteis, museos e monumentos, etc.

Uso continuo de hidroxel, sobre todo á subida dos autobuses, e por norma xeral despois de haber tocado calquer utensilio, portas, etc.

Todos os autocares cumpren a normativa COVID, e son desinfectados regularmente. Dispoñen de hidroxel para o seu uso. Realizaranse periódicamente controis de temperatura á entrada do autocar; no caso de detectarse un aumento de temperatura tomaranse as medidas pertinentes.

Na realización de calquer actividade, acción, visita ou similar, gardarase a distancia de seguridade.

Cada viaxe ou excursión, segundo a súa pertenza a un municipio, provincia, autonomía ou país terá unha normativa concreta en materia ANTICOVID, así como en requerimentos legais (pasaporte de vacunación, PCR negativa ou haber pasado o COVID recentemente), e que se irá informando segundo a excursión e a data.

Como normas xerais e prioritarias, cumpriranse as normas indicadas polos guías, persoal responsable ou a axencia de viaxes.

- **No referente ás consecuencias e cambios provocados polo COVID:**

Ante a situación de continuos cambios e normas provocadas pola pandemia que nos toca vivir, e que por riba afectan ou inflúen segundo que municipio, provincia, comunidade ou país, é importante indicar que calquera das viaxes ou excursións programadas poderán provocar: cambios no restaurante, hotel, monumentos ou museos, e outras actividades, ata o punto que incluso pode provocar cambio de datas ou anulación da viaxe.

